



Estimados veciños e veciñas de Carral

Comeza o novo curso 2018/2019 das actividades municipais que dende o Concello de Carral queremos ofertar para todos os nosos concidadáns. Tralo éxito dos últimos anos, queremos seguir achegándonos as actividades máis demandadas polos veciños e veciñas de Carral. Con elas queremos participar na formación tanto de adultos como de rapaces/as dunha forma divertida, ocupando o tempo de lecer.

É o noso desexo que coa oferta da actividades que neste boletín vos achegamos, satisfacer todas as vosas necesidades e inquietanzas. Nun mundo cheo de tensións e presas, desexamos ofertarvos unhas actividades nas que, ademais de aportarvos novas formas para gozar do tempo de lecer, poidades gañar en calidade de vida e enriquecemento persoal, cultural e humano.

Neste novo ano académico achegámostos unha ampla gama de actividades deportivas, culturais e educativas que, ano tras ano, tratamos de mellorar contándo cos mellores monitores e garantindo unha atención persoal e de calidade.

Por todo elo é o meu desexo invitarvos e animarvos a participar e gozar destas Escolas Deportivas, Culturais e Educativas que poñemos á vosa disposición, para que lle quitedes todo o proveito posible.

Recíbide un cordial saúdo

O alcalde
José Luis Fernández Mourino

CONDICIÓN DE INSCRIPCIÓN E PARTICIPACIÓN

XEITO DE INSCRIBIRSE

Presentar o BOLETÍN DE INSCRIPCIÓN, debidamente cumprimentado e asinado na Casa de Cultura, Complexo Deportivo ou a través dos mails dos departamentos municipais correspondentes. **NON SE ACEPTARÁN AS INSCRIPCIÓNS TELEFÓNICAS.**

A anotación nas actividades realizarase por RIGUROSA ORDE DE INSCRIPCIÓN. Unha vez rematadas as prazas nas actividades/grupos, crearanse LISTAXES DE ESPERA.

PRAZO DE INSCRIPCIÓN

Dende o 3 ata o 24 de setembro ou ata ao remate de prazas segundo a actividade.

HORARIOS DAS ACTIVIDADES

Serán especificados en cada unha das escolas municipais, podendo ser modificados por motivos de forza maior. Estes cambios notificaranse sempre aos alumn@s interesados.

COTA (*)

O custo das actividades será de 14 €/mes ou 98 € pago único * (8 meses) por persoa e actividade coa excepción de:

- Escolas 3 e 5 semanas (teares, cocida, etc.): 15 € ou 105 € pago único (8 meses).
- Actividades de 5. Sociais: 60 €/ano (socios) e 65 €/ano (non socios).
- Natación de bebés: 28 € para socios ou 40 € para non socios (pagos bimensuais)
- Pilates: 18 € para socios ou 38 € para non socios (pagos bimensuais)

Ademais destas cotas, algunhas actividades carecen custos federativos (licencias, etc.)

DESCONTOS AO ALUMNO/A (non acumulables entre si nin compatibles co único pago)

- Familia numerosa (acreditado): - 3 €/mes por actividade.
- Terceira idade e persoas con discapacidade (acreditado): - 3 €/mes por actividade.
- Voluntarios Protección Civil (acreditado): - 3 €/mes por actividade.

Exención de pagos: actividade gratuita, previo informe do departamento correspondente.

PAGOS

Só unha vez comezadas as actividades e mediante domiciliación bancaria, tendo a opción de facer o pago por mensualidades ou nun único cargo. En ambos casos, o recibo correspondente cargarse no número de conta indicado na inscrición a principios de cada mes.

NOTA IMPORTANTE: Todo aquel participante que non abone as súas cotas no mes vencido, daráselle de baixa automaticamente na actividade, pasando ao último posto da listaxe de espera se a houbese e non podendo volver a inscribirse ata que abone a súa débeda.

BAIXA VOLUNTARIA DUNHA ACTIVIDADE

Para darse de baixa voluntariamente dalgunha actividade será preciso CUBRIR E ASINAR un formulario na Casa da Cultura polo menos 10 días antes de rematar o mes. Sen este requisito a todos os efectos non se considerará a baixa do/a alumno/a.

(Unha vez tramitada a baixa nunha actividade, o alumno/a non poderá cursar nova alta nesa ou outra actividade ata o seguinte mes)

NÚMERO DE PARTICIPANTES POR ACTIVIDADE

Igual ou superior a 15 persoas, salvo informe expreso do Departamento correspondente. No momento no que os inscritos dunha actividade descendan deste número, o Concello poderá suspendela. Algunhas actividades teñen un número máximo de inscritos; unha vez superado, os interesados anotaranse nunha LISTAXE DE ESPERA por rigorosa orde de inscrición.

COMIZO DAS ACTIVIDADES

A partir de PRIMEIROS DE OUTUBRO, unha vez formados os grupos con, ao menos 15 inscritos (a excepción das actividades informadas xustificadamente). Sen embargo, os alumnos/as deben chamar nas datas que se lle indiquen para informarse da data precisa de inicio.

- As prazas nas actividades/grupos serán limitadas para garantir a seguridade e a calidade no proceso de ensinanza aprendizaxe. Nunquais actividades nas que se completan as prazas ofertadas, crearanse LISTAXES DE ESPERA.
- En algunhas actividades como HÍPICA, E OBLIGATORIA O TRÁMITE DA LICENCIA FEDERATIVA, a cargo do alumno/a.
- Antes de comezar a actividade, é recomendable que o/a alumno/a se someta a un RECOÑECIMENTO MÉDICO que descarte calquera problema ou enfermidade que lle incutase dano ou limite para a práctica da mesma.
- Se padecer algunha LESIÓN, ENFERMIDADE ou outro dato relevantes que poidan incidir ou limitar a práctica deportiva, deberá indicalo no boletín de inscrición.
- O CORREO ELECTRÓNICO usaranse como canal de comunicación de incidencias
- As FOTOGRAFÍAS tomadas polo Concello de Carral no transcurso das actividades, clausuras, exhibicións, etc., teñen unha finalidade informativa (prensa, cartóns, folletos e blogs, redes sociais e web municipal) e de arquivo fotográfico. Cadaunha persoa que non desexe ser retratada, DEBERÁ INDICALO no momento da toma fotográfica ou na Casa da Cultura ao inscribirse.

(*) A opción de pago único cargarse á conta bancaria no mes de novembro. Se pasada esta data, o alumno/a que cause baixa na actividade, non se reembolsarán os cartos agás casos xustificadas.

ESCOLAS MUNICIPAIS 2018/2019



Concello de
CARRAL

Deportes

Para nenos/as

FÚTBOL SALA ESCOLAR 14€/mes

A partir de 4 anos
Luns e mércores: 16:30-17:30 h
Pavillón do Colexio

YOGA INFANTIL 14€/mes

Nenos/as de Infantil e 1ª Primaria
Horario e lugar por determinar

JUDO en CARRAL 14€/mes

A partir de 3 anos / 20 prazas x grupo
G.1.- Martes e xoves: 15:30-16:30 h
Pavillón do Colexio

JUDO en TABEAIO 14€/mes

A partir de 3 anos + adultos
G.1.-Mércores e venres: 18:30-19:30 h
G.2.-Mércores e venres: 19:30-20:30 h
Local Social "Xente Nova"

HÓCKEY 14€/mes

A partir de 5 anos
Horario e lugar por definir

TIRO CON ARCO 14€/mes

A partir de 6 anos + adultos
Venres: 20:30-22:30 h
Pavillón do Espiño

TIRO OLÍMPICO 14€/mes

A partir de 8 anos + adultos
Luns e mércores: 20:00-21:00 h
Gancha municipal de tiro olímpico

Para adultos

ZUMBA 14€/mes

A partir de 14 anos
G.1.-Luns e mércores: 20:00-21:00 h
G.2.-Luns e mércores: 21:00-22:00 h
Pavillón do Espiño.

IOGA 14€/mes

A partir de 14 anos / 20 prazas x grupo
G.1.-Luns e mércores: 20:30-21:30 h
G.2.-Martes e xoves: 19:30-20:30 h
Complejo Deportivo de Carral

XIM. MANTENIMENTO/AERÓBIC

Locais sociais das parroquias onde se xuntan un mínimo de 15 alumnos/as

XIMNASIA RÍTMICA 14€/mes

Nados/as no 2015 e anteriores
G.1.- martes e xoves: 15:30-16:30 h
G.2.- luns-mércores: 16:30-17:30 h
G.3.- martes e xoves: 17:30-18:30 h
Pavillón do Colexio / grupos x idades

PATINAXE 14€/mes

A partir de 4 anos / 20 prazas x grupo
G.1.- Luns-mércores: 15:30-16:30 h
G.2.- Luns-mércores: 15:30-16:30 h
Pavillón do Colexio

BALONCESTO 14€/mes

A partir de 6 anos / grupos x idades
G.1.- Martes e xoves: 17:30- 18:30 h
G.2.- Martes e xoves: 18:30- 19:30 h

ZUMBA KIDS 14€/mes

De 3 a 13 anos / 20 prazas por grupo
Luns e mércores de 16:30- 17:30 h

ATLETISMO 14€/mes

A partir de 5 anos
Horarios e lugar por definir

BALONMÁN 14€/mes

A partir de 5 anos
Horarios por definir
Pavillón do Espiño

EQUITACIÓN 14€/mes

A partir d 7 anos +adultos /15 prazas
Luns e mércores: 18:00-19:00 h
Lugar por definir



TAI CHI 14 €/mes

A partir de 14 anos / 20 prazas
Luns e mércores: 21:30-22:30 h
Local social "Xente Nova" - Tabeaio

BAILES LATINOS 14 €/mes

A partir de 14 anos / 20 prazas
Horario por definir
Local social "Toñito Espiñeira"

* Os grupos-horarios des act. deportivas organizáranse segundo as idades e/ou nivel dos alumnos/as, mantendo sempre un axeitado ratio monitor-alumno.

Complejo Deportivo

Prezos Bimensuais

NATACIÓN BEBÉS

28 € socios / 40 € non socios
G.1.- luns-mércores: 17:30-18:15 h
G.2.- luns-mércores: 18:15-19:00 h
G.3.- xoves de 18:15-19:00 h
G.4.- sábado de 11:00 a 11:45 h
G.5.- sábado de 11:45 a 12:30 h
Complejo Deportivo Carral
7 prazas x grupo

PILATES

A partir de 14 anos / 18 prazas x grupo
18 € socios / 38 € non socios
G.1.- Luns e mércores: 17:30-18:30 h
G.2.- Luns e mércores: 19:30-20:30 h
G.3.- Martes e xoves: 20:30-21:30 h
G.4.- Martes e xoves: 21:30-22:30 h
Complejo Deportivo Carral

Cultura

MANUALIDADES

QUEMBRE

Martes de 17:30 a 19:30 h
Local social

CREA E XOGA

De 5 a 12 anos. Actividades de manualidades, reciclaxe, xogos tradicionais...

SAN VICENTE

Martes e xoves de 17:30 a 18:30 h
Local social

COCIÑA

Xoves de 20:00 a 23:00 h
Centro de Formación Antón Fraguas

FOTOGRAFÍA

(Inclúe retoque dixital)
Mércores de 20:00 a 22:00 h
Casa da Cultura

HERVES

Martes de 17:30 a 19:30 h
Local social

CAÑAS

Luns e mércores de 17:30 a 18:30 h
Local social

DEBUXO E PINTURA

Martes de 17:30 a 19:30 h
Centro de Formación Antón Fraguas

TEATRO

A partir de 12 anos
Luns de 21:00 a 23:00 h
Local "Xente Nova" - Tabeaio

TEARES E TAPICES

Xoves de 17:00 a 20:00 h
Centro de Formación Antón Fraguas



Educación e Benestar Social

No CEIP V. Otero Valcárcel

APRENDER A APRENDER 15€/mes

Luns a xoves: 15:30-16:30 h
No CEIP Vicente Otero Valcárcel

DEBUXO E PINTURA 14€/mes

Luns e mércores: 15:30-16:30 h
16:30-17:30 h
No CEIP Vicente Otero Valcárcel

SERVIZO MADRUGADOS

(Coidado do alumnado na colexio)
De Luns a venres: 7:30 - 9:20 h
No CEIP Vicente Otero Valcárcel

BAILE MODERNO (Iniciación: 3-5 anos) 14€/mes

Luns e mércores: 15:30 - 16:30 h
No CEIP Vicente Otero Valcárcel

C. PREPARACIÓN COMPETENCIAS CLAVE

(14€/mes - desempregados gratuíto)
De luns a venres: horarios por definir
Edif. Social Toñito Espiñeira

COSTURA, VAINICA E ABALORIOS 14€/mes

Horario por definir
Centro de Formación Antón Fraguas

INFORMÁTICA NEN@S 14€/mes

Venres: 16:30 - 18:00 h
Centro de Formación Antón Fraguas

INFORMÁTICA 14€/mes

Martes e xoves: 15:30-16:30 h
No CEIP Vicente Otero Valcárcel

VENRES VENTEUVIDO

Venres: 13:20-16:00 h
No CEIP Vicente Otero Valcárcel

BAILE MODERNO (peques: 6-8 anos) 14€/mes

Martes e xoves: 15:30 - 16:30 h
No CEIP Vicente Otero Valcárcel

DANZAS URBANAS (Nivel 1: 9-12 anos) 14€/mes

Martes e xoves: 16:30 - 17:30 h
No CEIP Vicente Otero Valcárcel

TALLERES CREATIVOS E ARTÍSTICOS 14€/mes

(Pintura, coiro, etc.)
Para todas as idades
Horario por definir
Centro de formación Antón Fraguas

XIMNASIA MANTENIMENTO 3ª IDADE nas parroquias

60 €/ano socios
65 €/ano non socios
Horario por definir
Nas parroquias de Carral

INFORMÁTICA ADULTOS iniciación 14€/mes

Luns: 20:00 - 22:00 h
Centro de Formación Antón Fraguas

INFORMÁTICA ADULTOS perfeccionamento 14€/mes

Martes: 20:00 - 22:00 h
Centro de Formación Antón Fraguas

Séguenos en facebook
- Deportes Carral
- Cultura Carral
- Educación e Benestar Car

